

# Estruturas na paisaxe

Nos últimos anos estamos a vivir unha situación paradoxal no eido das teorías da arquitectura e a enxeñaría. Por unha banda, asistimos á publicación de ensaios que preconizan a entrada nunha era de reencontro das estruturas coa paisaxe (v. Andreas e Ilka Ruby) e, por outra, abundan os textos que sosteñen que a arquitectura e a enxeñaría viven un proceso imparabile de arredamento do lugar (un proceso que comezou a xestarse no Renacemento coa aparición do *clasicismo pantópico* e que rematou de cristalizar no século XX co desenvolvemento do *modernismo atópico*, segundo as teses de Christian Godin e Laure Mühlethaler, entre outros).

O certo é que a polémica teórica reflicte o que, de feito, está a acontecer no ámbito da arquitectura e a arte da enxeñaría. Se, por unha banda, presenciamos a diario a creación de estruturas que, como as de Rem Koolhaas no Porto (Casa da Música) ou Norman Foster no Aveyron (viaducto Millau), parecen concibirse á marxe do lugar e dar forma elas mesmas a unha nova paisaxe, por outra banda gozamos co auxe da *LandArch*, unha arquitectura e unha enxeñaría concibidas *in situ* que aspiran conscientemente a integrar a obra na paisaxe preexistente (isto é o que, sen ir máis lonxe, ocorre con algúns traballos de RCR Arquitectes, premiados recentemente na IV edición do Premio Europeo de Paisaxe de Cataluña).

Estas xornadas pretenden servir como plataforma para debater estas cuestións. Para iso, contaremos coa presenza dun interesante grupo de artistas, arquitectos, enxeñeiros, historiadores e xeógrafos que, desde os seus respectivos campos, amosarán mediante proxectos concretos e visións máis xerais o interese que suscita na actualidade a relación entre as estruturas humanas e as paisaxes.

Directores das xornadas:

Federico López Silvestre e María Luisa Sobrino Manzanares

Vista da biblioteca da Universidade de Vigo. Fotografía: Alberto Valle Souto

## Martes, 7 de novembro. *Concepcións da paisaxe*

18:00 h Presentación

19:00 h *Estruturas na paisaxe*, María Luisa Sobrino Manzanares e Federico López Silvestre

20:00 h *A paisaxe está dobremente estruturada: formas, espazos e conceptos*, Felipe Criado Boado

## Mércoles, 8 de novembro. *Arquitectura e paisaxe*

18:00 h *Proxecto, identidade e paisaxe*, Iago Seara

19:00 h *Viaxes inventadas. Do lugar aos lugares*, Ruth Varela e Pablo Ferreiro

20:00 h *Reflexións ante as posibilidades de reconciliar o pasado co presente das cidades europeas*, Julia Fernández de Caleyá

## Xoves, 9 de novembro. *Paisaxe, lugar e patrimonio*

18:00 h *Arquitectura contemporánea e lugar*, Yolanda Pérez Sánchez

19:00 h *A trama rururbana*, Carme Nogueira e Pablo Fanego

20:00 h *Arquitecturas que colonizan, arquitecturas que dominan. Dúas visións sobre a interacción arquitectura-territorio en Galicia*, Jesús Sánchez García

## Venres, 10 de novembro. *Infraestruturas na paisaxe*

10:00 h *Economía e paisaxe. A nova configuración do territorio costeiro en Galicia*, María Pose

11:00 h *Paisaxe e residuos. Entre xestión e recuperación*, Emanuela Saladini

12:00 h *Caracterización das corredoiras como elementos patrimoniais e recreativos*, María del Pilar Taboada Moure

18:00 h *Infraestruturas de transporte, mobilidade e paisaxe: consideracións dende a Xeografía actual*, Miguel Pazos Otón

19:00 h *Enxeñaría civil e creación de paisaxes*, Carlos Nárdiz

20:00 h Mesa redonda: *As infraestruturas como estruturas. Configuración e desfiguración das paisaxes*, Xerardo Estévez, Carlos Nárdiz, Miguel Pazos, María Luisa Sobrino e Federico López Silvestre

## Estruturas na paisaxe

A polémica contemporánea entre a reterritorialización e a desterritorialización arquitectónicas

Xornadas

7/10 novembro 2006



**Felipe Criado.** Arqueólogo, director do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe no Instituto de Estudos Galegos do CSIC, actualmente ocupa o cargo de coordinador da área de ciencias humanas e sociais do CSIC. O seu interese principal é o estudo, desde a arqueoloxía e con metodoloxías interdisciplinares, das formas de construción social da paisaxe e os seus resultados.

### **Xerardo-Denís Estévez Fernández.**

Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Barcelona. Establecido en 1972 en Compostela, exerceu como arquitecto e urbanista e realizou traballos de investigación sobre arquitectura, planificación e patrimonio. En 1983 foi elixido alcalde de Santiago. Durante os seus sucesivos mandatos a cidade rexistrou un impulso no campo urbanístico, cultural e na proxección internacional de Compostela e do Camiño de Santiago. Froitos deste labor foron, entre outros, a inclusión da cidade na lista do patrimonio mundial da UNESCO, o Premio Europa ou o Premio Europeo de Urbanismo. En 1999 reintegrouse á práctica profesional, que compaxina coa actividade como conferenciante e escritor. É colaborador de *El País* e *La Voz de Galicia*.

### **Pablo Fanego.**

Comisario independente de exposicións. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. As súas iniciativas máis recentes foron o proxecto de arte e espazo público en Santiago de Compostela *A cidade interpretada* e a exposición de Alicia Framis, *Secret Strike*, no CGAC. Traballou nos departamentos de exposicións e investigación da Fundación Luis Seoane onde dirixiu e coordinou proxectos como *En tiempo real. El arte mientras tiene lugar*, *Trompe-la-memoire. Historia y visualidad*, ou *La construcción del espectador*.

### **Pablo Ferreiro Lorenzo.**

Arquitecto pola Universidade da Coruña (especialidade de Urbanismo). No ano 2006, colaborou no proxecto de investigación financiado pola Xunta de Galicia: *Catalogación e avaliación das paisaxes do Camiño Francés*, dirixido polo profesor Federico López Silvestre (USC). Máster en Renovación Urbana e Rehabilitación pola USC. Recibiu entre outros o premio *Vía Arquitectura* do Colexio Oficial de Arquitectos de Valencia e nestes momentos forma parte do taller de arquitectura do Consorcio de Santiago. Xunto a Ruth Varela ten o seu propio estudio de arquitectura.

### **Carme Nogueira.**

Artista. Traballa sobre os procesos de subxectivización e a función normalizadora dos espazos a través da fotografía e a instalación. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca e doutora pola de Vigo, onde foi profesora asociada e investigadora. Foi parte fundadora da revista de arte e cultura *Fe* (1995-99). Autora de diferentes artigos e do estudo *La representación como puesta en escena: para una teoría de la mirada*. Entre os seus proxectos expositivos destacan a serie *Refuxios (Urbanitas)*, MARCO, 2006; *Metrònom*, 2005-06; *Galería Adhoc*, 2004-05), e *Corpos de produción* (Santiago de Compostela, 2002-03).

### **Miguel Pazos.**

Doutor en xeografía e profesor do Departamento de Xeografía da USC. Entre as súas publicacións máis salientables podemos citar o libro *Pontevedra litoral: hacia una ciudad continua* e os capítulos: "Interurban Daily Commuting in Galicia (Spain): The Role of Santiago de Compostela as a Regional Mobility Node", en *Cities in Global Perspective: Diversity and Transition*, e "A accesibilidade e os desprazamentos no Eixo Atlántico", en *Segundos estudos estratéxicos do Eixo Atlántico*.

### **María Pose Méndez.**

Licenciada en Historia da Arte pola USC. Técnico superior en conservación e restauración pola Escola Superior de Pontevedra. Actualmente asiste aos cursos de doutoramento en Historia da Arte na USC.

**Jesús Sánchez.** Doutor en Historia da Arte e profesor do Departamento de Historia da Arte da USC. Especialista en Historia da Arquitectura Galega, abordou temas como os teatros, os pazos e os seus xardíns, e recentemente os faros, arredor dos cales publicou libros e artigos diversos.

### **María Taboada Moure.**

Realizou os estudos de Enxeñaría Técnica Forestal en Lugo e máis tarde fixo Enxeñaría de Montes. O proxecto fin de carreira centrouse nos métodos de inventario e caracterización das corredoiras no concello de Monterroso. Así mesmo, realizou un proxecto sobre o aproveitamento de residuos das industrias forestais e publicou un artigo sobre a resposta inicial da chegada de cinzas de biomasa arbórea no estado nutricional dunha plantación nova de *Pinus radiata* D. Don.

### **Ruth Varela Rodríguez.**

Arquitecta pola Universidade da Coruña (especialidade de Urbanismo). Actualmente ten o seu propio estudio xunto a Pablo Ferreiro desde o que recibiron o premio do concurso de ideas para a nova sede en Vigo do COAG e realizaron as montaxes da exposición *Galicia en cartel* da USC para as cidades de Santiago de Compostela, Montevideo e Bos Aires. Premio de investigación da Deputación de Pontevedra, no apartado de PFC (2005). Estudos Máster en Renovación Urbana e Rehabilitación da USC.

### **Yolanda Pérez Sánchez.**

É profesora de Teoría e Historia da Arquitectura do CESUGA e doutora en Historia da Arte pola USC. Máster en Renovación e Rehabilitación Urbana da USC en 2006. Dende 1997 está vinculada ao departamento de Historia da Arte da USC, dentro do equipo de investigación dirixido pola catedrática María Luisa Sobrino.

### **Emanuela Saladini.**

É licenciada en Letras Modernas, coa especialidade de crítico artístico, pola Università degli Studi de Milán e doutoranda en Historia da Arte na USC. Coautora da guía *Santiago de Compostela, arquitecturas del siglo XX* (COAG, Santiago de Compostela, 2001), é membro do equipo de investigación *La transformación de la concepción del paisaje en la era posindustrial: la vertiente atlántica* (2002-2005).

### **Carlos Nárdiz Ortiz.**

Doutor enxeñeiro de camiños, canais e portos. Profesor titular de Urbanística e Ordenación do Territorio, e de Paixaxe na enxeñaría na E.T.S. de enxeñeiros de camiños da Coruña.

### **Iago Seara.**

Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Actualmente é profesor da Escola de Arquitectura da Coruña e Coordinador da Sección de Arquitectura do Consello da Cultura Galega. Foi xefe do servizo de Patrimonio Arquitectónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Premio de Obra Nova do COAG en 1990, é autor de numerosas vivendas e obras de rehabilitación en moitos edificios históricos de Galicia. Entre os seus últimos proxectos cóntase a restauración e conservación da catedral de Tui e a rehabilitación das Torres do Allo (A Coruña).

### **Julia Fernández de Caleyá Blankemeyer.**

Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Diplomada en Xardinería e Paisaxe pola Politécnica de Madrid. Máster de Planeamento Urbano e Rexional pola University of Southern California, Los Angeles. Profesora titular da Escola de Arquitectura da Coruña. Co-directora do Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega. Autora dun considerable número de proxectos de urbanismo e paisaxismo e do libro *El diseño de los campos de golf, una aproximación paisajística* (1997).



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n,  
15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623-02 / Fax: 981 546 605

cgac.educacion@xunta.es

www.cgac.org



### **María Luisa Sobrino Manzaneres.**

É catedrática de Historia da Arte Contemporánea da USC. Entre as súas liñas de investigación destacan a arte galega do século XX, o desenvolvemento actual da arte no espazo público e a aplicación das novas tecnoloxías ao estudo da Historia da Arte. Mostra do seu facer son os libros: *El cartelismo en Galicia* (1993), *De Asorey a los noventa. La escultura moderna en Galicia* (1997), e *Escultura contemporánea en el espacio urbano. Transformaciones, ubicaciones y recepción pública* (1999). Así mesmo, foi comisaria de distintas exposicións entre as que podemos destacar as seguintes: *A creación do necesario: aproximacións ó deseño do século XX en Galicia* (MARCO, Vigo, 2004). Dirixiu numerosos proxectos como *La transformación de la concepción del paisaje en la era posindustrial: la vertiente atlántica* (2002-2005), financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. É directora da revista *Quintana* e membro do xerente de Artes Plásticas do Consello da Cultura Galega. Codirectora, xunto a Federico López Silvestre, das xornadas e a publicación do mesmo título *Novas estéticas da paisaxe. O eixo atlántico*, celebradas no CGAC (2006).

### **Federico López Silvestre.**

É profesor doutor de Historia das Ideas Estéticas Modernas e Contemporáneas na USC. As súas investigacións xiran en torno á idea da paisaxe, o gusto estético e o cambio da percepción provocado polas novas tecnoloxías no mundo contemporáneo. Entre as súas publicacións destacan os libros *El paisaje virtual. El cine de Hollywood y el neobarroco digital* (2004) e *El discurso del paisaje. Historia cultural de una idea estética en Galicia* (2005); e o capítulo "A xénese da paisaxe" en *A paisaxe contemporánea* (2006). Actualmente dirixe varios proxectos de investigación sobre a paisaxe na USC, entre eles: *A percepción da paisaxe urbana en Galicia* (2005-2006). É membro da xunta directiva da Asociación de Arte e Estética Contemporánea. Canda a María Luisa Sobrino dirixiu as xornadas e a publicación do mesmo título *Novas estéticas da paisaxe. O eixo atlántico*, celebradas no CGAC (2006).

### **Inscrición**

As solicitudes de inscrición para participar no ciclo pódense presentar até o 6 de novembro por fax, por correo electrónico ou ben na recepción do Centro Galego de Arte Contemporánea, indicando nome, teléfono e enderezo postal e electrónico.

Matrícula: 12 €.

Membros da Asociación de Amigos do CGAC: 7 €.

Para formalizar a matrícula é preciso recoller o formulario de pagamento na recepción do CGAC e facer o ingreso nas entidades bancarias indicadas.

Os solicitantes deberán presentar unha copia da folla de pagamento e fotocopia do DNI.

Expedirase o certificado de asistencia ao ciclo.

Crédito de libre configuración: As xornadas contan cun crédito de libre configuración para os estudantes de Historia, Historia da Arte e Xeografía da USC. Para obter o crédito, ademais da asistencia a todas as conferencias será precisa a realización dun traballo. Tamén foi solicitado un crédito para estudantes de Arquitectura da UDC.